

ACTA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA DO 17-12-2020

Sendo as 18:14 e estando reunidas de xeito telemático, por parte da xunta directiva :

O presidente Miguel Álvarez, a vicepresidenta Paula Verde o secretario Oscar Souto, a tesoureira Vanessa Sanchez , a voceira Bertila Fernández, a vogal Belén Fernández e a vogal Jessica Montero.

E as seguintes ANPAS:

- CEIP Seis do Nadal
- CEIP Paraixal
- CEIP Igrexa-Valadares
- CEIP Ría de Vigo
- CEIP Escultor Acuña
- CEIP Ramón y Cajal
- CEIP Valleinclán
- CEIP Emilia Pardo Bazán
- CEIP Rodríguez Castelao
- CEIP Dr Fleming
- CEIP Chans-Bembrive
- IES Castelao
- CEIP A Doblada
- CEIP Josefa Alonso
- CEIP Sobreira-Valadares
- IES Alexandre Bóveda
- CEIP Frián
- CEIP Mosteiro-Bembrive
- CEIP Lope de Vega

- CEIP Párroco Don Camilo
- CEIP Mestres Goldar
- CEIP Canicouva
- CEIP Coutada-Beade
- CEIP Igrexa-Candeán

Votos delegados:

- CEP Santa Tegra
- CEIP Igrexa-Chapela
- EEI Monte da Guía

Coa seguinte orde do día:

- 1. Lectura e aprobación das actas anteriores, se procede.**
- 2. Memoria económica do curso 2019/2020**
Exposición:
 - a. Convenio co concello de Vigo (Partidas e capítulos)**
 - b. Memoria económica de comedores escolares da REDE.**
- 3. Proxección de presupostos para o curso 2020/2021. Aprobación.**
- 4. Memoria de actividades de formación de país e nais curso 2019/2020.**
- 5. Proxectos de formación curso 2020/2021.**
- 6. Suxestións e preguntas.**

1. Escomeza a sesión da man do presidente Miguel Álvarez coa lectura da acta da asamblea anterior. Apróbase a mesma por 14 síes e 12 abstencións.
2. Fai unha breve exposición do resumo das redes sociais activas neste intre como son a web inclusiva, twitter, Facebook e Youtube.

Miguel explica a memoria económica do curso 2019/2020.

Ingresos: 524.593,07 €

- 203.019,66 € Convenio concello Vigo (3º pago 2019)
- 200.000 € Convenio concello de Vigo (1º pago xullo 2020)
- 2.480 € Subvención federación Xunta.
- 6.000 € Subvención igualdade Xunta.
- 109.548,41 € Subvención comedores Xunta de Galicia.
- 3.545 € Cota socios 2019/2020.

Gastos: 473.418,11 €

- 95.041,23 € Autoxestión.
- 376.567,27 € Comedores rede FOANPAS.
- 378,27 € Gastos Bancarios.
- 117,22 Dominio de internet.
- 141,28 € suscripcións.
- 364,84 € Alarma local FOANPAS.
- 926 € Gastos diversos.

Balance positivo: 51.174,96 €

Este balance é debido o corte do servizo de comedores por mor da pandemia en Marzo.

O terceiro pago da subvención do concello non se recibe porque non hai facturas para xustificalo.

O pago das cotas dos socios pasarase en xaneiro ou febreiro.

Votanse os gastos 2019/2020 Aprobase a memoria por 23 síes,
4 noes e 2 abstencións.

3. Presentase unha proxección de presupostos para este curso pero a representante da Anpa do CEIP Seis do Nadal indica que debido o cambio de xunta directiva non ha lugar. A seguinte xunta directiva encargarse de facer un orzamento novo.
4. Toma a palabra Bertila para falar da memoria de actividades

Comedores escolares:

Xuntanzas mensuais ca empresa de catering.

Degustación de menús nas instalacións da cociña central.

Elaboración dos pregos 2020/2021.

Comisión convivencia/comedores:

Xuntanzas mensuais coa empresa de catering.

Xuntanzas, mediacións entre anpas, familias, empresa...

Proposta da mascota do comedor que se porá en marcha o vindeiro curso escolar.

Comisión económica:

Xuntanzas en funcións das necesidades.

Comisión IES:

Xuntanzas para analizar incidencias nos mesmos e levar a cabo iniciativas.

Comisión NEAE:

O curso pasado escomezou con total normalidade con reunións presenciais, nas primeiras do curso cunha asistencia importante e coas seguintes propostas:

- Acción conxunta, seguindo as accións de outras CCAA, presentando un escrito masivo de xeito presencial por rexistro na Xunta.
- Video de sensibilización onde se implicase o propio colectivo con diversidade funcional, para facer consciente a sociedade das inxustizas as que están sometidas estas persoas.
- Traballar nun protocolo de colaboración de centros e gabinetes psicopedagóxicos xa que é unha das conclusións sacadas en limpo das xornadas realizadas en cursos anteriores, tendo en conta que as becas NEAE non se destinan con este fin de colaboración.
- Reivindicación de criterios de becas NEAE, novamente mediante escritos e notas de prensa.
- Traballar os protocolos en colaboración cunha acción iniciada por Anpas Galegas.

Elaboráronse grupos de traballo que se comunicaban a través de mails.

Finalmente levaronse a cabo as seguintes iniciativas:

- Escritos o ministerio e rolda de prensa sobre tema recorrente de becas NEAE por criterios discriminatorios e pouco rigurosos.
- Inicio dun protocolo de actuación a través de reunións bimensuais coa presidenta de REGADE.
- Iniciativas para o apoio do protocolo promovido por Anpas Galegas, algúns non chegaron o seu obxectivo pola situación de confinamento pola Covid-19.
- Xornadas NEAE e webinar durante o confinamento con moita participación e interese por parte das familias, con grande repercusión e posterior visionado dos videos da canle de Youtube da federación.
- Realización do curto “Por Eso” coa Fundación Igual Arte, con moitas sesións de traballo de xeito presencial e telemático durante o confinamento

para elaborar guión, escenarios, intercambio de visións dos distintos membros do grupo de traballo. Tivo unha gran acollida na súa estrea e unha enorme repercusión nas redes sociais. Estamos a espera dunha posible estrea de xeito presencial no auditorio do Concello de Vigo.

- Unión a comisión do grupo Comisión Norte, unhas compañeiras da Coruña, as cales teñen os mesmos obxectivos e fins de traballo, pensando en poder ter máis repercusión deste xeito.
- Colaboración con APAMP e outras asociacións para deseñar o novo decreto de atención a diversidade, todavía en proceso.
- Durante a pandemia realización de escrito conxunto con varias asociacións para reclamar a atención dun colectivo esquecido como foi o alumnado NEAE durante a tele docencia, escritos en prensa e consellería.
- Coa saída do protocolo covid do alumnado NEAE, colaboración coa plataforma Dereitos non parches, Anida, Asperga, Teavi, Atellga... na redacción dun escrito onde quedase claro o posicionamento de non discriminación e que non fose un foco a apertura de aulas específicas que son segregadoras dende a súa orixe.
- Acompañamento e asesoramento as familias ante a administración.

Tralas últimas xornadas NEAE Online tomáronse algunhas iniciativas coma solicitar a consellería o usa de webs accesibles en aulas virtuais, poñendo como exemplo a Web inclusiva de FOANPAS que eles mesmo utilizan noutros contextos das consellerías , é preciso facilitar o acceso a educación online de todo o alumnado.

Emprazados a seguir traballando polos dereitos de todos.

Comisión convivencia:

Xuntanzas cas ANPAS, administración, familias, dirección....

Participación e deseño nas campañas de acoso escolar, igualdade, accesibilidade.

GT Zonificación:

Elaboración de documentos consensuados pola comunidade educativa de Vigo.

Cinco Xuntanzas coa administración educativa e coa delegada da Xunta de Galicia en Vigo.

ANPAS Galegas:

Xuntanzas bimensuais e dende marzo todas as semanas de xeito telemático.

Elaboración de gran cantidade de documentos neste último período.

Formación:

18 Xornadas formativas presenciais e 9 webinars

A xunta directiva acudiu a unhas 20 xornadas de formación externa.

Xuntanzas:

25 Xuntanzas coa xefatura territorial, delegada territorial da Xunta, Consellería de educación, concellería de educación e benestar social, deputación de Pontevedra...

21 Xuntanzas con asociación, entidades e persoas relacionadas coa educación.

Xuntanzas coas mesas de directores.

Contacto con partidos políticos e sindicatos.

Medios de comunicación:

Participación moi activa de FOANPAS e dende o mes de marzo case a diario.

Consello escolar municipal de Vigo:

Participación activa ate o mes de marzo.

Consello municipal da muller:

Presentación de varias propostas relacionadas coa igualdade.

Participación activa, lectura do manifesto do 8M no pleno do consello municipal.

Consello municipal de normalización lingüística:

Participación activa ate o mes de marzo.

Votase a memoria que queda aprobada por 25 síes, 3 noes e 1 abstención.

5. Como co orzamento as actividades para o vindeiro curso quedarán a cargo da nova xunta directiva.
6. Miguel destaca o traballo feito e a loita moi dura este ano coa administración e Bertila agradece as familias, as xuntas directivas das ANPAS e a equipa de compañeiros da xunta directiva de FOANPAS.

Sen nada máis reseñable, péchase a sesión as 19:48.

O Secretario da Xunta Directiva de Foanpas

Asinado: Oscar Souto

Vº e Prace: Presidente da Xunta Directiva de Foanpas

Asinado: Miguel Álvarez